

Emilio Alarcos Llorach (2011): *Representaciones gráficas del lenguaje*. Edición al cuidado de José Polo. Madrid: Biblioteca Nueva, 97 pp.

Rescátase neste libro unha obra pouco coñecida de Emilio Alarcos Llorach. Publicada pola revista ovetense *Archivum* en 1965, en 1968 apareceu en francés como parte integrante de *Le langage*, un volume dirixido por André Martinet. Anos despois, en 1976, o traballo de Alarcos publicouse retraducido ao español dentro do terceiro volume do *Tratado del lenguaje*, unha tradución de *La langage* dada ao prelo na Arxentina.

Juan Alonso Aldama (2005): *Le discours de l'ETA. Un terrorisme à l'épreuve de la sémiotique*. Limoges: Lambert-Lucas, 165 pp.

Neste libro o autor estuda o terrorismo como un fenómeno esencialmente semiótico. A obra, por tanto, aborda a dimensión semiótica do terrorismo e faíno concretamente a partir da análise do caso específico de ETA.

José Domínguez Caparrós (2009): *El moderno endecasílabo dactílico, anapéstico o de gaita gallega*. Anejo III de *Rhythmica. Revista Española de Métrica Comparada*. Sevilla: Padilla Libros, 154 pp.

Neste libro analízanse as teorías e os usos do hendecasílabo dactílico como verso independente nos seus trescentos anos de historia en español.

Taresa Fernández Lorences (2010): *Gramática de la Tematización en Español*. Universidad de Oviedo, 375 pp.

O lector deste libro atopará nas súas páxinas a abordaxe de cuestións tales coma a noción de tema, o tema na oración, os procedementos sintácticos de tematización e o tema no discurso. Inclúe un glosario en que se informa sobre o “Sentido en que se usan algunos términos” (pp. 351-354).

José Manuel Fradejas Rueda (2010): *Las lenguas románicas*. Madrid: Arco/Libros, 159 pp.

Neste breve manual abórdase o estudo da familia lingüística románica: as súas orixes, a fragmentación do primitivo espazo latino e a extensión das principais variedades romances. Na primeira parte ofrécese unha historia do proceso que conduciu desde as orixes indoeuropeas ata a aparición dos primeiros textos escritos en diferentes variedades neolatinas. Na segunda fanse sintéticas presentacións de dez linguas románicas (portugués, galego, espa-

ñol, catalán, occitano, francés, retorromance, italiano, sardo e romanés) e mais dos crioulos de base léxica románica. Inclúese tamén un glosario de termos lingüísticos.

Xosé Lluís García Arias (2010): *Toponimia de Teberga*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana, 548 pp.

Reúnense nesta publicación dezaseis traballos do autor aparecidos en diferentes publicacións entre as décadas de 1970 y 1990 e dedicados á toponimia do concello asturiano de Teberga, situado no sur do Principado o colindante coa provincia de León. Tales traballos foron sometidos a un moderado exercicio de corrección e ampliación. O volume complétase con mapas e mais cun índice de topónimos e de étimos.

Teresa Keane Greimas (2010): *L'ecphrasis dans la poésie espagnole (1898-1988)*. Limoges: Lambert-Lucas, 149 pp.

A autora explora neste libro as diferentes modalidades de diálogo entre a pintura e a poesía.

Gabrielle Le Tallec-Lloret (éd.) (2010): *Vues et contrevues. Actes du XII^e Colloque international de Linguistique ibéro-romane (Université de Haute Bretagne – Rennes 2, 24-26 septembre 2008)*. Limoges: Lambert-Lucas, 445 pp.

Recompílanse neste libro as conferencias e comunicacións que se presentaron ao coloquio internacional mencionado no título. Neste reunión científica recoñecéronse oito seccións: morfosintaxe, dialectoloxía e lexicografía da lingua antiga, filoloxía, español de América, teoría do discurso, tradutoloxía, teoría do significante e lingüística e informática.

René Pellen et Francis Tollis (2011): *La Gramática castellana d'Antonio de Nebrija. Grammaire d'une langue, langue d'une grammaire*. 2 tomes [Tome I: *Un système descriptif pour le castillan*; Tome II: *Index lemmatisés*, par René Pellen]. Limoges: Lambert-Lucas, 875 pp. [tome I: 1-350 + tome II: 351-875].

No primeiro tomo desta obra analízanse o alcance e os obxectivos da *Gramática castellana* de Antonio de Nebrija, así como o lugar que lle corresponde na historiografía lingüística románica. O segundo ofrece os índices alfabéticos lematizados do vocabulario castelán e estranxeiro utilizado na obra de Nebrija, o índice dos segmentos non lexicais e mais o índice de frecuencias e as clases de frecuencia de todos estes elementos.

M^a Dolores Sánchez Palomino (ed.) (2010): *Lexicografía galega e portuguesa. Anexos de Revista de Lexicografía*, 13. Universidade da Coruña, 231 pp.

Este volume constitúe o último dos anexos que a *Revista de Lexicografía* destinou á recolla dos traballos presentados ao *I Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*, celebrado na Coruña do 14 ao 18 de setembro de 2004. Ademais do relatorio de Manuel Gon-

zález González (“A terminoloxía dentro dos estudos de lexicografía galega”), contén outras dez contribucións sobre temas galegos e portugueses.

M^a Isabel Viforcós Marinas / M^a Dolores Campos Sánchez-Bordona (coords.) (2010): *Otras épocas, otros mundos, un continuum. Tradición clásica y humanística (ss. XVI-XVIII)*. Madrid: Editorial Tecnos / Universidad de León, 520 pp.

Esta obra recolle un conxunto de traballos independentes pero vencellados polo común interese polo humanismo e pola tradición clásica e humanística. Na súa primeira parte abórdase a cuestión do humanismo e os humanistas, mentres que a segunda se dedica á tradición clásica e humanística do duplo punto de vista dos seus instrumentos de difusión e conservación (imprensa, teatro, arte e imaxes) e da súa proxección cara ao espazo americano (cronistas, bibliotecas e editores).

Élodie Weber (2010): *La syntaxe de l’object en espagnol. La question de la préposition a*. Limoges : Lambert-Lucas, 328 pp.

Estúdase nesta monografía a construción de obxecto directo precedido da preposición *a* en español. Nas súas páxinas faise unha análise dos factores que interveñen na xeración deste tipo de complementos preposicionados: semánticos, sintácticos, pragmáticos... Tamén se aborda a cuestión de por que é a preposición *a* a seleccionada para desempeñar esta función.

RECIBÍRONSE TAMÉN AS SEGUINTES PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:

Diacrítica. Série Ciências da Linguagem. Revista do Centro de Estudos Humanísticos. Universidade do Minho, 24/1 (2010).

Diacrítica. Série Ciências da Literatura. *Dossier Literatura Comparada*. Revista do Centro de Estudos Humanísticos. Universidade do Minho, 24/3 (2010).

Estudis Romànics. Institut d’Estudis Catalans, Barcelona, vol. XXXII (2010).

Hesperia. *Anuario de Filología Hispánica*. Universidade de Vigo, XIII-1 (2010).

Revista Portuguesa de Humanidades. Universidade Católica Portuguesa, Braga, 14-1 (Estudos Linguísticos) + 14-2 (Estudos Literários).